

Ref.: AD2501

6º ACORDO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

1º CONCURSO DE PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR 2025/2026

Publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Universidade de Vigo as propostas de provisión (Doc6 e Anexo a Doc6) adoptadas polas comisións de selección das prazas de axudante doutor que se relacionan máis abaixo,

Transcorrido o prazo de 5 días hábiles para interpoñer reclamacións sen que fora presentada ningunha.

E consonte ao disposto nas bases 5, 6 e 7 da convocatoria de 1º concurso público para a contratación de profesorado axudante doutor na Universidade de Vigo, convocado mediante Resolución reitoral do 26 de maio de 2025 (anuncio publicado no DOG do 2 de xuño), esta Reitoría adopta o seguinte **acordo de adxudicación** das seguintes prazas (cuxo/s desglose/s figura/n anexo/s):

Referencia	Prazas	Área
AD2501-H10-567-AX3-TC-01-02	2	Lingua española

O Servizo de Persoal Docente e Investigador levará a cabo o chamamento dos/as candidatos/as que proceda/n, atendendo á orde de prelación indicada, e ata a formalización do número de contratos que se correspondan coas prazas convocadas.

Os/as interesados/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para achegar a documentación necesaria para formalizar o contrato e, de ser o caso, levar a cabo calquera outra actuación precisa para o mesmo fin. De non levar a cabo esas xestións no prazo indicado sen mediar causa suficiente así apreciada pola vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, considerarase que renuncia ao contrato, convocándose á seguinte persoa na orde de prelación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Sen prexuízo do anterior, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá acudir á vía xudicial ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O REITOR,
P.D. (R.R. de 30 de maio de 2024, DOG do 10 de xuño)
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica
(*asinado dixitalmente*)

Taboleiro de anuncios de Sede electrónica da Universidade de Vigo



(AD2501)
PROPOSTA DE PROVISIÓN**Referencia:** AD2501-H10-567-AX3-TC-01-02**Área de coñecemento:** Lingua española**Departamento:** Lingua española**Corpo / Categoría:** PROFESOR/A AXUDANTE DOUTOR/A (X3)-TC**Centro de Traballo:** Facultade de Filoloxía e Tradución - Campus de Vigo (01)

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte - Campus de Pontevedra (02)

Nº Prazas: 2**Docencia:****ADMITIDOS**

Apelidos e Nome	Documento	Nº de orde	Puntuación
Varela Suárez, Ana	***6360**	1	79,2100
Peláez Torres, Marta	***8903**	2	68,4400

